

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG11I009	CON/56/2015	02-01-17 10:07

Número 9 .- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ás obras de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre (fase III).

Destinatario

15078DCMG11I009



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 30 de decembro de 2016 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 9 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE RELATIVA ÁS OBRAS DE MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE (FASE III).**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 26 de decembro de 2016, do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, que conta co visto e praxe de Intervención, do seguinte teor literal:

“Jorge Duarte Vázquez, concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade, en virtude das competencias atribuídas por decreto de Alcaldía de data 16/06/2015 **EXPÓN:**

Que con data 26 de decembro de 2016, o xefe de sección de contratación emitiu informe relativo á ampliación do prazo das obras de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre (fase III) e suspensión parcial das mesmas, que literalmente indica:

“O pasado 14 de xullo, o concello subscribiu contrato coa UTE CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL - EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, para a execución das **obras de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre (fase III)** por un importe de 518.355,63 euros (máis IVE) e un prazo de execución de

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG11I009	CON/56/2015	02-01-17 10:07

cinco meses a contar dende a sinatura da acta de comprobación do replanteo, que tivo lugar o 11 de agosto seguinte, polo que a data inicialmente prevista de finalización dos traballos sería o 11 de xaneiro de 2016.

Con datas 9 e 14 de novembro, a empresa presenta solicitude de ampliación do prazo de execución, que consta informado favorablemente pola dirección facultativa municipal e externa, que tras un detallado análise técnico, e con base esencialmente no retraso nos traballos a realizar polas empresas subministradoras de servizos e na tramitación dos modificados da fase I e II das obras, propón:

. a suspensión temporal parcial das zonas afectadas polo retranqueo da Media Tensión na rúa Santa Comba e pola execución das obras do túnel na rúa Noia.

. a ampliación do prazo para o resto da obra establecendo como nova data de finalización o 27 de marzo de 2017 (77 días de demora non imputables ó contratista)

#### **Fundamentos xurídicos:**

En relación coa prorrogación, dispón o artigo 213 do TRLCSP que si o retraso fora producido por motivos non imputables ao contratista e éste ofrecera cumprir os seus compromisos dándolle prorrogación, concederáse pola Administración un prazo que sexa alomenos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

O artigo 100 do RLCAP con respecto á tramitación administrativa da prórroga, dispón:

*"1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días desde aquel en que se produza a causa orixinaria do atraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración, aos efectos de que a Administración poida oportunamente, e sempre antes da terminación do prazo de execución do contrato, resolver sobre a prórroga do mesmo, sen prexuízo de que unha vez desaparecida a causa reaxústese o prazo prorrogado ao tempo realmente perdido.*

*Se a petición do contratista formulácese no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre devandita petición antes dos quince días seguintes á terminación do mesmo.*

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I009	<i>Expediente</i> CON/56/2015	<i>Fecha</i> 02-01-17 10:07

*Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal considerárase extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegase a prórroga solicitada, ou non resolverse sobre ela.*

*2. No caso de que o contratista non solicitase prórroga no prazo anteriormente sinalado, entenderase que renuncia ao seu dereito, quedando facultada a Administración para conceder, dentro do mes último do prazo de execución, a prórroga que xulgue conveniente, con imposición, se procede, das penalidades que establece o artigo 95.3 da Lei ou, no seu caso, as que se sinalen no prego de cláusulas administrativas particulares, salvo que considere máis aconsellable esperar á terminación do prazo para proceder á resolución do contrato”.*

En relación coa suspensión solicitada, o artigo 220 do TRLCSP sinala:

*“1. Si a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tiver lugar pola aplicación do disposto no artigo 216, levantarase un acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.*

*2. Acordada a suspensión, a Administración abonará ao contratista os danos e perxuizos efectivamente sufridos por este.*

Pois ben, dado que da análise dos antecedentes de feito anteriormente reseñados e da documentación técnica aportada ó expediente, resulta que os pasos dados na tramitación da solicitude de prórroga axústanse estrictamente ós requirimentos recollidos no artigo 100 do RLCAP, e, avalados nos informes técnicos os motivos do atraso como non imputables ó contratista nin previsibles no momento de redacción do proxecto, infórmase favorablemente a prórroga e a suspensión parcial solicitadas, polo que a nova data de finalización do prazo de execución das obras non suspendidas será o 27 de marzo de 2017”.

Visto o exposto realízase a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Primeiro: A suspensión temporal parcial das zonas afectadas polo retranqueo da Media Tensión na rúa Santa Comba (entre os cruces coa

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I009	<i>Expediente</i> CON/56/2015	<i>Fecha</i> 02-01-17 10:07

rúa San Xoan e Bispo Diego Peláez) e pola execución das obras do túnel na rúa Noia (entre os cruces coa rúa Boiro e Santa Comba) .

Segundo: A ampliación do prazo para o resto da obra (zonas non suspendidas) establecendo como nova data de finalización o 27 de marzo de 2017 (77 días de demora non imputables ó contratista)."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

Primeiro: A suspensión temporal parcial das zonas afectadas polo retranqueo da Media Tensión na rúa Santa Comba (entre os cruces coa rúa San Xoan e Bispo Diego Peláez) e pola execución das obras do túnel na rúa Noia (entre os cruces coa rúa Boiro e Santa Comba).

Segundo: A ampliación do prazo para o resto da obra (zonas non suspendidas) establecendo como nova data de finalización o 27 de marzo de 2017 (77 días de demora non imputables ao contratista).

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

**Asdo: Xan Xesús Duro Fernández**